

**PACTO DE GOBERNO NO CONCELLO DE AMES
ENTRE BNG, CONTIGO PÓDESE e PSdG-PSOE**

MANDATO 2015-2019

Os representantes dos grupos municipais no Concello de Ames PsdG-PSOE, Contigo Pódese e BNG, no nome das súas organizacións políticas, co obxecto de constituíren un goberno de coalición para o mandato 2015-2019, acordan asinar un **PACTO para formar un GOBERNO DE COALICIÓN** que se vai rexer polas cláusulas que a continuación se sinalan:

1. Organigrama municipal, dedicacións, áreas de xestión e reparto de responsabilidades no goberno municipal.

a) CARGOS DE ALCALDE, TENENTE DE ALCALDE E PORTAVOZ E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Alcalde e portavoz municipal: José M. Miñones Conde
- 1º tenente de alcalde: Genma Otero Uhía
- 2º tenente de alcalde: David Santomil Mosquera
- 3º tenente de alcalde: José Blas García Piñeiro
- 4º tenente de alcalde: Catuxa García Mallo
- 5º tenente de alcalde: Mª Isabel Vaquero Quintela
- 6º tenente de alcalde: Luisa Feijóo Montero

Xunta de Goberno: Estará formada polo Alcalde e dous membros do PsdG-PSOE, dous de Contigo Pódese e dous do BNG, aínda que poderán asistir outros concelleiros/as para informar de asuntos da súa competencia. O seu funcionamento será semanal. O alcalde delegará na Xunta de Goberno as competencias que sexan delegables.

b) ÁREAS DELEGADAS DE XESTIÓN MUNICIPAL. FUNCIONS E DEDICACIONS

As dedicacións dos concelleiros con cargo ao orzamento municipal están en función das necesidades organizativas do goberno. A delegación nos concelleiros e concelleiras compete á delegación de sinatura de autorización de gasto.

Área de seguridade, emerxencias. Persoal e reforma administrativa. Deportes

Policía Local e Protección Civil. Seguridade cidadá e coordinación de Emerxencias. Ocupación de vías públicas.

Coordinación do cadro de persoal funcionario e laboral, optimización dos recursos humanos, negociación laboral, selección de persoal. Reforma administrativa.

Planificación e xestión de equipamentos deportivos. Xestión das escolas deportivas e da programación.

Depende da alcaldía

Área de urbanismo, obras públicas e servizos básicos

Planificación do territorio. Planeamento e xestión urbanística. Vivenda e rehabilitación. Planificación e programación de Obras. Brigada de Obras. Servizos básicos (ciclo da auga, xestión do lixo, cemiterio, iluminación). Tráfico e aparcadoiros. Zonas verdes, parques e xardíns.

Concelleiro delegado: José Blas García (PSOE)
Dedicación exclusiva

Área de sanidade, servizos sociais e igualdade

Sanidade. Promoción da igualdade. Dependencia. Axuda a domicilio. Servizos sociais. Inmigración.

Concelleira delegada: Luísa Feijóo (PSOE)
Dedicación parcial

Área de Atención veciñal e desenvolvemento local

Atención e participación cidadá. Promoción do emprego. Promoción económica. Emprendemento e Turismo. Voluntariado

Concelleira delegada: Isabel González (PSOE)
Dedicación parcial

Área de economía e facenda

Elaboración e xestión orzamentaria, tributos e tesourería. Patrimonio municipal. Contratación

Concelleira delegada: Genma Otero (Contigo Pódese)
Dedicación exclusiva

Área de medio ambiente e desenvolvemento sostible

Sanidade ambiental (ríos, ecosistemas...) e disciplina medioambiental. Sanidade animal e canceira de animais abandonados. Aula da Natureza.

Concelleira delegada: Catuxa García (Contigo Pódese)
Dedicación parcial

Área de mocidade e transparencia

OMIX. Impulso á transparencia con carácter transversal

Concelleira delegada: Silvia Dapena (Contigo Pódese)
Sen dedicación

Área de educación e cultura

Planificación e xestión de equipamentos educativos. Escolas infantís municipais. Servizos educativos e de conciliación. Axudas á educación. Programas de innovación educativa. Bibliotecas. Animación á lectura. Equipamentos culturais (casas da cultura, Pazo da Peregrina, centros socio-culturais). Escola de Música, Escola de Teatro. Programación e promoción cultural. Defensa e promoción do patrimonio cultural.

Concelleiro delegado: David Santomil (BNG)
Dedicación exclusiva

Área de comunicación e normalización lingüística

Festas. Normalización lingüística. Comunicación (radio, web...).

Concelleira delegada: Isabel Vaquero (BNG)
Sen dedicación

2. NOMEAMENTO DO PERSOAL DE CONFIANZA

- Ao Alcalde correspóndelle o nomeamento dos postos de administrativo de gabinete da alcaldía e Auxiliar Administrativo.

O **Administrativo de gabinete** terá como función a de asistir ao alcalde no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades, e ao resto do equipo de goberno cando así o determine a alcaldía, en temas organizativos, protocolarios e de relacións institucionais e cos medios de comunicación.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades da Alcaldía.

Retribucións: 26.018,86 euros brutos anuais.

Ditas retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro polo mesmo importe.

O Auxiliar administrativo terá como funcións a de asistir ao goberno como apoio administrativo desempeñando as funcións propias do posto.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades do Goberno.

Retribucións: 19.498,36 euros brutos anuais.

Ditas retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro polo mesmo importe.

3. ASIGNACIÓN DE DEDICACIONES EXCLUSIVAS E PARCIAIS

Aprobar a dedicación exclusiva **para o cargo de alcalde cunha retribución bruta anual de 49.716,66 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións do alcalde percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe.

Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de **primeiro tenente de alcalde cunha retribución bruta anual de 37.287,50 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Dita cantidade equivale ao 75% das retribucións da alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

Aprobar a dedicación exclusiva **para o cargo de segundo tenente de alcalde cunha retribución bruta anual de 37.287,50 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Dita cantidade equivale ao 75% das retribucións brutas da alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe.

Aprobar a dedicación exclusiva para **o concelleiro responsable da Concellaría Delegada de Obras e Urbanismo cunha retribución bruta anual de 37.287,50 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Dita cantidade equivale ao 75% das retribucións brutas da alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe.

Aprobar a dedicación parcial que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo para **a concelleira responsable da Concellaría Delegada de Servizos Sociais cunha retribución bruta anual de 27.344,16 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Dita cantidade equivale ao 55% das retribucións brutas da alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe.

Aprobar a dedicación parcial que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo para a **concelleira responsable da Concellaría Delegada de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible cunha retribución bruta anual de 27.344,16 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Dita cantidade equivale ao 55% das retribucións brutas da alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe.

Aprobar a dedicación parcial que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo para a **concelleira responsable da Concellaría Delegada de Participación Veciñal, Promoción Económica e Emprego cunha retribución bruta anual de 27.344,16 euros** (ou ben a que se contemple en cada orzamento). Dita cantidade equivale ao 55% das retribucións brutas da alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos.

As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe.

4 Organismos, competencias e metodoloxía que rexerán a relación entre os grupos políticos e membros da coalición na xestión diaria do goberno e da administración municipal.

- 4.1. O Alcalde é a máxima autoridade municipal e rexerese polos acordos do Consello Político e demais órganos municipais. Terá como funcións, ademais das especificadas pola lei (agás as especificamente delegadas), dirixir os plenos e a representación do concello.
- 4.2. Os tenentes de Alcalde e concelleiros/as delegados/as terán a responsabilidade nas súas áreas, de acordo co correspondente decreto da alcaldía, onde se sinalará a delegación de competencias. Exercerán como portavoces do goberno municipal respecto das ditas áreas delegadas.
- 4.3. Aos concelleiros competeralles especificamente a defensa ante o Pleno e as comisións informativas, os órganos sectoriais de participación que se puideran constituír, ou en sesións informativas xerais, tanto con membros da corporación ou interesados e veciñanza en xeral, das propostas efectuadas nas áreas delegadas en nome do goberno municipal.
- 4.4. A Xunta de Goberno Local é o órgano ao que se elevarán as propostas elaboradas, ademais das disposicións que lle competen por lei. Todos os acordos se tomarán por consenso.

- 4.5. En materia municipal, cada grupo político actuará de maneira autónoma, respectando sempre os acordos do equipo de goberno, a Xunta de Goberno Local e os principios sinalados neste acordo.
- 4.6. O goberno municipal concíbese como un órgano unitario. O goberno municipal basearase na corresponsabilidade efectiva e leal entre as forzas políticas que constitúen a coalición de goberno.
- 4.7. Os acordos subscritos fundaméntanse na relación en pé de igualdade entre os grupos municipais asinantes do acordo. Este principio está garantido polo funcionamento por consenso do Goberno.
- 4.8. As discrepancias entre os distintos membros da coalición resolveranse internamente, mediante o diálogo e a negociación no Consello Político.

5. Programa de accións anexo ao presente acordo

Neste programa indícanse aquelas actuacións que deben ser afrontadas de inmediato, segundo o acordo de investidura, e aquelas outras que guiarán a acción de goberno para todo o mandato, respondendo aos compromisos adquiridos coa veciñanza e ás necesidades de transparencia e xestión do novo goberno municipal.

6. Validez , duración e xestión deste acordo


Este acordo de coalición de goberno será válido ata o remate da lexislatura. O incumprimento das cláusulas deste acordo, en caso de non solucionarse, significará a ruptura do mesmo e cada un dos grupos políticos asinantes quedarán libres para actuar de maneira independente.

En caso de conflito por incumprimento do acordo, ou por causa de graves discrepancias, xestionarase a crise por unha comisión formada polos cabezas de lista dos tres grupos municipais que forman o goberno, mais os representantes das respectivas organizacións políticas que estas designen. A resolución final desta comisión sancionará a continuidade do acordo ou a súa ruptura definitiva.


Os abaixo asinantes comprométese ao cumprimento do presente acordo.

En Ames a 07 de Xullo de 2015.

Jose M. Miñones Conde



Genma Otero Uhía



David Santomil Mosquera



Luisa Feijóo Montero



José Blas García Piñeiro



Isabel González Cancela

Catuxa García Mallo



Silvia Dapena Liñares



M^a Isabel Vaquero Quintela

